



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia,
Xustiza e Turismo

Edificio Administrativo
Ronda da Muralla, 70
27071 LUGO
Teléfono: 982 29 43 33

A12X00906 Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

AAV/vgg

Asunto: Remisión Resolución de inscripción de modificación de estatutos da asociación
núm. 1990/944-1ª.

Achégolle a Resolución de inscripción de modificación de estatutos no Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo, así como un exemplar visado dos novos estatutos da **Asociación Camiña, Asociación Comarcal da Mariña Lucense** (núm. 1990/944-1ª), en resposta á súa solicitude que tivo entrada no Portelo Único do Concello de Burela o día 16/06/2021 e no Rexistro do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo o día 17/06/2021.

Lugo, na data da sinatura dixital.

O xefe territorial

Gerardo Criado Guizán



DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.



Silvino Oroza Cordido
Asociación Camiña, Asociación Comarcal da Mariña Lucense
Rúa Rafael Dieste nº 9 baixo
27880 Burela (Lugo)



Xacobeo 2021

Asinado por: ALCALDE VARELA, ALEJANDRO
Cargo: Xefe do Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior
Data e hora: 19/07/2021 10:50:30
Motivo: Por suplencia do xefe territorial

CVE: nPH7eY2U1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





XUNTA DE GALICIA

Vicepresidencia Primeira e Consellería de
Presidencia, Xustiza e Turismo.

Edificio Administrativo
Ronda da Muralla, 70.-1º andar
27071 LUGO
Tef.: 982294333

galicia

SILVINO OROZA CORDIDO
ASOCIACIÓN CAMIÑA ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE
RÚA RAFAEL DIESTE 9 BAIXO
27880 BURELA (Lugo)

Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 16/06/2021 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por D/Dona SILVINO OROZA CORDIDO en nome e representación da **ASOCIACIÓN CAMIÑA ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 1990/000944-1ª, e tendo en conta os seguintes

FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 26/05/2021, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente á provincia de Lugo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. O xefe/a Territorial de Lugo é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Inscribir os estatutos modificados da **ASOCIACIÓN CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE** e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Lugo, na data da sinatura dixital.

O xefe/a Territorial

Gerardo Criado Guizán

Asinado por: ALCALDE VARELA, ALEJANDRO
Cargo: Xefe do Servizo de Xestión Técnico-
Administrativa e Interior
Data e hora: 19/07/2021 10:50:30
Motivo: Por suplencia do xefe territorial

CVE: dLaFogqav0
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021



ESTATUTOS DE CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE

CAPÍTULO I.

DA ASOCIACIÓN EN XERAL:

Artigo 1º. - DENOMINACIÓN.

Esta Asociación, constituída en Burela e inscrita no rexistro do Goberno Civil da provincia de Lugo, con data 25 de setembro de 1990, é unha Asociación sen ánimo de lucro denominada “CAMIÑA, ASOCIACIÓN COMARCAL DA MARIÑA LUCENSE” e que se rexerá polos presentes estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 2º. - FINS

Son fins da Asociación:

- A) Defende-los dereitos das persoas con discapacidade intelectual no tócate a súa educación, rehabilitación, formación profesional, integración social, ocio e tempo libre.
- B) Promociona-la creación e no seu caso xestionar centros e servizos de atención as persoas con discapacidade intelectual residentes no ámbito de actuación da Asociación.
- C) Requirir ós poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á atención e axuda que estes merecen.
- D) Velar por todos os asociados ou socios, incluídos os asociados ou socios que sexan usuarios de outros servizos ou centros.
- E) A Asociación non ten fins lucrativos nin esta sometida a ningún réxime asociativo específico.

Artigo 3º. - DOMICILIO

O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Burela.





Calle Rafael Dieste, 9, baixo -27880 BURELA (Lugo), a onde se efectuarán as comunicacións e notificacións dirixidas á Asociación.

Artigo 4º.- AMBITO E DURACIÓN

A Asociación desenvolverá as súas actividades dentro do ámbito territorial da Mariña de Lugo e constitúese por tempo indefinido. Nembargantes poderá disolverse polas causas legalmente previstas ou por decisión expresada na Asamblea Xeral convocada a tal fin. En tódolos supostos de disolución deberá dársele ó patrimonio o destino previsto nos estatutos.

Artigo 5º. – A XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva, como órgano de representación da Asociación será competente para interpreta-los preceptos contidos nos estatutos someténdose en todo momento á normativa legal vixente en materia de Asociacións.

Os presentes estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante acordo que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

CAPÍTULO II

DOS/ DAS SOCIOS/ AS

Artigo 6º.- ADMISIÓN

Poderán ser membros da Asociación, libre e voluntariamente, as persoas físicas en xeral e en particular aqueles pais, nais e titores de persoas con discapacidade intelectual e as persoas xurídicas, legalmente constituídas, sexan públicas ou privadas, que dalgunha maneira teñan interese en servi-los fins da mesma, e sexan admitidos pola Xunta Directiva, a cal poderá outorga-lo nomeamento do membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que iso leve consigo a condición xurídica de asociado.

As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito. Os menores emancipados de máis de catorce anos necesitarán o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir-la súa capacidade.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán para formar parte da asociación, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano rétor.





Aquelas persoas que desexen pertencer á asociación, solicitarano por escrito ó Presidente, o cal dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do asociado con recurso perante a Asamblea Xeral.

As persoas físicas asociadas que sexan pais, nais ou titores de persoas con discapacidade intelectual serán considerados como "socios persoais". Todos os demais membros da Asociación serán considerados "socios protectores".

Artigo 7º.- DEREITOS DOS/AS SOCIOS/AS

Serán dereitos dos/as socios/as:

- Elixir e ser elixible para tódalas funcións representativas da Asociación, respectando en todo caso o establecido no artigo 13 dos presentes estatutos.
- Os socios persoais definidos así no artigo 6 dos presentes estatutos terán voz e voto nas Assembleas Xerais.
- Tomar parte en tódalas actividades da asociación e utiliza-los servizos que poidan establecerse en beneficio dos socios/as
- Dirixir peticións e propoñer iniciativas ós órganos de goberno da Asociación.
- Recadar e recibir da Xunta Directiva canta información precisen sobre a xestión asociativa.
- Ter acceso os locais e instalacións da Asociación, para o que deberán respectar as normas e horarios que se establezan pola Xunta Directiva.

Artigo 8º.- OBRIGAS DOS SOCIOS E SOCIAS

Serán obrigas dos socios/as:

- Respecta-los Estatutos da Asociación e os acordos da Asamblea
- Asistir ás reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- Contribuír economicamente ó sostemento da Asociación na forma que se estableza pola Asamblea.
- Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e a eficacia na execución dos mesmos.
- Facilitar a Xunta Directiva cantos datos e informacións estimen necesarios para o mellor desenvolvemento das súas funcións
- Prestar á Asociación todo tipo de cooperación persoais, materiais ou de servizos.





Artigo 9º.- BAIXA DOS/ AS SOCIOS/AS

Causárase baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado
- b) Por causa inxustificada no pago as cotas.
- c) Por incumprimento dos estatutos
- d) Por utilización da Asociación con fins alleos ós específicos da mesma
- e) Por decisión da Xunta Directiva, cando en dereito proceda, tras ser oído o interesado.

O cese como socio/a, por algunha das causas establecidas nos presentes Estatutos, leva implícito o cese no cargo directivo, podendo designa-la Xunta Directiva un substituto ata a celebración da primeira Asamblea Xeral.

Os asociados que pidan a baixa na asociación de forma voluntaria en calquera tempo, non queda eximidos de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela.

Artigo 10º.- EXPULSIÓN DOS SOCIOS/AS

A expulsión dun socio, así como calquera outra medida disciplinaria, por causas previstas nos apartados b), c), d) e e) do artigo 9 será acordada pola Xunta Directiva. Contra esta decisión poderase interpoñer recurso ante a Asamblea Xeral dentro do 15 días seguintes á data de comunicación da expulsión, a cal resolverá na primeira Xunta Extraordinaria que se celebre.

CAPÍTULO III

DAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Co fin de lograr os obxectivos sinalados corresponderá de modo específico á asociación:

- a) Potenciar o desenvolvemento físico e psíquico dos socios afectados.
- b) Apoio psicológico, mediante traballos personalizados, empregando como instrumentos xogos lúdico-educativos.





- c) Organización de excursións e outras actividades culturais que poidan facilitar a inserción do socio ou socia no entorno.
- d) Informar, a través de charlas, cursos, conferencias, etc. ós pais, nais e familiares que conviven con persoas con discapacidade dos recursos que teñen ó seu alcance, etc.
- e) Promover, xunto con outras entidades da mesma índole, a creación dunha federación de Asociación de Pais de persoas con discapacidade, de ámbito local, comarcal, provincial ou autonómica, ou solicitar o seu ingreso nunha federación que xa estivese constituída en calquera dos ámbitos territoriais.

CAPITULO IV

OS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Artigo 12º.- A Dirección e Administración da Asociación serán exercidas polo/a Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 13º.- O/ A Presidente da Asociación, que será tamén da Xunta Directiva, asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, presindo as sesións que celebre unha ou outra.

Só poderán formar parte da Xunta Directiva aquelas persoas que ostenten a condición de asociados e que sexan pais, nais ou titores de persoas con discapacidade intelectual, que sexan maiores de idade, teña pleno uso dos dereitos civís e non estean incusos nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

O/A Presidente será designado pola Asamblea Xeral de entre os membros elixidos da Xunta Directiva e o seu mandato durará catro anos.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva é o Órgano de representación que xestionará e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asamblea Xeral. Estará formada por un/unha Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, e tres vogais.





Artigo 15º.-

Os cargos elixiranse pola Asamblea Xeral entre tódalas candidaturas que se presenten, resultando elixida de entre todas aquela que obteña máis votos, tras un previo proceso no que se fará a presentación de cada unha delas e dos seu programa de goberno pola persoa que a encabece. En todo caso nas candidaturas presentadas á Xunta Directiva deberán estar perfectamente determinados e distribuídos os distintos cargos da mesma entre os seus integrantes

Os cargos durarán un período de 4 anos, aínda que poder ser obxecto de reelección indefinidamente. No caso de vante dalgún dos cargos e, en todo caso, non no previsto ó respecto nestes Estatutos, a Xunta Directiva poderá nomear provisionalmente á persoa que estime axeitada, ata a nova elección de cargos.

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, por incumprimento das obrigas que teñan encomendadas ou por renuncia voluntaria comunicada por escrito a Xunta Directiva.

Os cargos da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación daqueles asociados que os substitúan.

Artigo 16º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e leva-la xestión administrativa e económica da Asociación, someter a aprobación da Asamblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asamblea Xera, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las comisións de traballo ou sesións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación, ditar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asamblea Xera. Corresponderanlle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asamblea.

Artigo 17º.- A Xunta Directiva realizará as súas sesións, como mínimo unha vez, cada tres meses, e cantas o determine o Presidente ou Vicepresidente, a iniciativa propia ou por petición de polo menos tres dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente, é na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esa orde ,e, a falta de ambos polo membro da xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos da metade máis un dos seus membros, incluídos o Presidente, o Secretario, ou no seu





defecto o Vicepresidente, levantarán acta, que se transcribirá ó libro de Actas. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

Artigo 18º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou de acadas destas informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de Vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar as comisións se desdobren en subcomisións.

Artigo 19º. - O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 9º as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a representación legal da Asociación perante calquera organismo, público ou privado.
- b) Presidir e levanta-las sesións que realice a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e doutra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- c) Propoñe-lo plan de actividades da Asociación á Xunta directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Coordina-lo funcionamento das vocalías ou servizos que se establezan.
- f) Asina-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co secretario ou membro da xunta directiva a que lle corresponda a elaboración do documento de que trate.
- g) Velar pola disciplina e o orden da entidade.
- h) Avaliar periodicamente o traballo realizado.

O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que, ademais, substituíralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 20º. - O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións destas co visto e praxe do Presidente.





Auxiliarao nas súas funcións e substituirao nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade o Vicepresidente se o houbese. O secretario correspóndelle tamén leva-lo inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 21º. - O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente. Así mesmo, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior que deben ser presentados a Xunta Directiva, para que esta a súa vez, os someta á aprobación da Asamblea Xeral.

Artigo 22º. - Os vocais, no número que determine a Asamblea Xeral, terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo 23º. - Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva, terá os deberes propios dos seus cargos, así como os que nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta lles encomende.

Incumbirá de maneira concreta ó Secretario, no seu caso, ó Vicesecretario, velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade, expedindo certificacións das actas e dos acordos tomados polos órganos de goberno e representación co visto e prace do Presidente e facendo que cursen á Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local as comunicacións sobre designación da Xunta Directiva.

Artigo 24º. - A Asamblea Xeral de asociados é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrada polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e que se reunirá sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa ou polo acordo da décima parte dos seus asociados.

A Asamblea Xeral reunirase obrigatoriamente con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, no transcurso do primeiro trimestre e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, o esixan as disposicións vixentes ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Tanto a Asamblea Ordinaria como a Extraordinaria sean convocadas con 15 días de antelación ó día da reunión polo/a Presidente/a da Xunta Directiva, entre a primeira convocatoria e a segunda haberá un período de tempo de media hora.





A convocatoria farase por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día, será notificada nos domicilios particulares dos/as socios/as, tanto para Asambleas Ordinarias como para as Asambleas Extraordinarias.

Artigo 25º. - Serán competencias da Asamblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la maioría de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das contas.

Artigo 26º. - Serán competencias da Asamblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los estatutos da Asociación.
 2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
 3. Aproba-la federación con outras asociacións ou acordar a constitución dunha.
 4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
 5. Acorda-la disolución da Asociación.
 6. Designa-los/as liquidadores/as.
 7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da xunta directiva.
 8. Solicita-la declaración de utilidade pública de Asociación.
 9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
 10. As que sendo de competencia da asamblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan expresa-la súa convocatoria, sen grave perxuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asamblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 27º. - As Asambleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a elas, presentes ou representados, a metade máis un dos asociados, en segunda convocatoria cando asistan a décima parte dos mesmos ou de ser o caso por maioría dos asistentes a segunda convocatoria

Artigo 28º. - Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, cando os votos afirmativos superen ós negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das dúas terceiras partes das persoas presentes ou





representadas, os acordos relativos á disolución da Asociación, modificación dos estatutos, disposición ou alleamento de bens.

Artigo 29º. - A convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria de modificación de Estatutos da Asociación estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de sete días para que calquera asociado poda dirixir ó Secretario as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asamblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

Artigo 30º. - Os acordos que vaian en contra os Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asamblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedida a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 31º. - A Xunta Directiva resérvase o dereito de decisión, sobre situacións non contempladas nestes Estatutos, sempre que non sexan incompatibles coas xa existentes e non estean en contradición coa Lei vixente reguladora do dereito a asociación e demais disposicións regulamentarias que a desenvolvan.

Artigo 32º. - Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/as non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o/a Presidente.

Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da Asamblea anterior, que deberá ser aprobada.

Posteriormente o secretario procederá a introduci-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia que se trate. Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e a adopción de acordos. Concluída esta quenda o presidente levantará a sesión.

Artigo 33º. - A Asociación disporá duna relación actualizada dos seus asociados, levará unha contabilidade que reflecta a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuará un inventario dos seus bens e recollera nun libro de Actas as reunións da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva.





CAPÍTULO V **RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 34. – O patrimonio fundacional da Asociación é de 0€ . O peche do exercicio coincidirá co ano natural.

Artigo 35º. - A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O Tesoreiro da Asociación elaborará o borrador de orzamento polo que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, co fin de que poda ser aprobado na Asamblea Xeral ordinaria

Artigo 36º. - A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que proporia a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asamblea.
3. As subvencións, legados ou doazóns que poidan legalmente aceptarse, ben procedan de persoas físicas ou xurídicas, publicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras que acorden concedelas.

Artigo 37º. - As cotas ordinarias acordaranse pola Asamblea Xeral ordinaria a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso ningún e dedicándose a atende-las necesidades da asociación. A cota extraordinaria, contribución especial acordada pola Asamblea Xeral, satisfacerase polos socios para gastos extraordinarios relacionados cos fins da Asociación.

Artigo 38º. - A autorización dos gastos que teñan que realizarse na Asociación corresponde a Xunta Directiva sempre que estean incluídos nos presupostos ou plans económicos aprobados en Asamblea Xeral poderá conferir autorización temporal á Xunta Directiva para dispoñer dos fondos sociais en actividades determinadas, dentro de certos límites e previa aprobación presupostaria.

Artigo 39º. - A ordenación de pagos corresponde ó Presidente e serán efectuados polo/a Tesoureiro/a que se non os considera lexítimos, poderá suspendelos ata que, a Xunta Directiva resolva.

Artigo 40º. - Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a asociación os teña depositados, o/a Presidente e o/a Tesoreiro terán recoñecidas as súas sinaturas na entidade bancaria correspondente para a utilización, sendo ambos cargos recoñecidos e poder facer uso da mesma de forma indistinta, ou conxunta de ser preciso.





Artigo 41º. - Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as seus asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO VI

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 42º. - O regulamento de réxime interno, se é o caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nestes. E todo caso o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VII

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

Artigo 43º. - Os presentes estatutos poderanse modificar a proposta da Xunta Directiva ou ¼ dos socios. A convocatoria da Asamblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas establecendose un prazo de sete días para que calquera socio/a poida dirixir á secretaría as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asamblea e entregaranse cunha antelación mínima de tres días a súa realización.

Artigo 44º. - Para aprobar a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asamblea Xeral de socios.

Artigo 45º. - A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1.- Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes deles.
- 2.- Por outras causas determinadas legalmente.
- 3.- Por sentenza xudicial.

Artigo 46º. - Acordada a disolución, a Asamblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores que, xunto o/a Presidente/a, o/a Tesoureiro/a procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.



Artigo 47º. - O haber resultante unha vez efectuada a liquidación doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma, que teña os mesmos ou similares fins ós desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

DILIGENCIA para facer constar, a requerimento a Delegación Provincial de Lugo pertencente a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, que os presentes estatutos foron modificados no que respecta a súa redacción e nos seus artigos, 1º 2º, 3º, 6º, 11º, 13º 14º, 27º, 34º e 40º, por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada ó efecto o día 26/05/2021.

Asinado secretario

Dn. Jose Carlos Cabaleiro Fernández

Visto e praxe do Presidente

D. Silvino Oroza Cordido



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Quedan VISADOS os anteriores ESTATUTOS da ASOCIACIÓN

* 1990/944 da Sección 1ª do REXISTRO PROVINCIAL

desta Xefatura Territorial consente co establecido na Lei orgánica 1/2002 do

22 de marzo.

Lugo, 19 de marzo de 2021

Gerardo Ordoñez Suárez

Técnico-Administrativa e Interior

(Art. 11.4 Decreto 245/2009, do 30 de abril)

Alejandro Alcalde Varela

* CAPAÑA ASOCIACIÓN DA PARIÑA LUGENSE

COPIA AUTÉNTICA
Sello de Órgano de Secretaría Data: 16/07/2021



Cod. Validación: 3RWJTW-HQESJCLPWHWE99ZYFKZ | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 28